

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CAMBRE

Aprobación definitiva da modificación do Regulamento especial de honores e distincións do Concello de Cambre

O Pleno municipal, en sesión ordinaria do día 5 de abril de 2018, celebrada con carácter supletorio da correspondente ao día 2 de abril de 2018, aprobou, con carácter inicial, a modificación do Regulamento especial de honores e distincións do Concello de Cambre.

Exposta ao público durante trinta días, non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, polo que, de conformidade co establecido no art. 49 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, enténdese definitivamente aprobada a citada modificación.

A teor do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e artigo 196.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, publícase integramente o texto modificado, que entrará en vigor ao día seguinte ao da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985.

Por tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral, non procede recurso en vía administrativa, se ben poderá impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia, e deberá presentarse ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Modificación do Regulamento especial de honores e distincións do Concello de Cambre, respecto dos artigos, apartados e inclusión de dous novos capítulos, segundo se transcribe a continuación:

– Modificación do artigo 3.

Modificar os honores recollidos nos puntos 4 e 5, engadindo un novo apartado, quedando redactado o artigo 3 do teor literal seguinte:

“Artigo 3

1.–Os honores que o Concello de Cambre poderá conferir para premiar especiais merecementos ou servizos extraordinarios prestados ao municipio serán os seguintes:

1. Fillo/a predilecto/a de Cambre.
2. Fillo/a adoptivo/a de Cambre.
3. Membro honorario da Corporación.
4. Medalla de ouro do municipio de Cambre
5. Designación de vías públicas e outras distincións.

2.–Os honores e distincións precedentes non poderán ser outorgados a persoas que desempeñen altos cargos na Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, ou que se atopen respecto da Corporación en relación de función ou servizo, en tanto subsistan estas circunstancias.”»

– Modificación do artigo 6.

Modificar o apartado 2 para engadir que os títulos son persoais e intransferibles, quedando redactado:

“Artigo 6 (...)

2. Os títulos anteriores son persoais e intransferibles e terán carácter vitalicio e, unha vez outorgados tres para cada un deles, non poderán conferirse outros mentres vivan as persoas favorecidas, a menos que se trate dun caso moi excepcional, a xuízo da Corporación, que haberá de declarar esa excepcionalidade previamente en sesión plenaria e por maioría de dous terzos.”

– **Modificación do artigo 7.**

Modificar o apartado 1 para esixir a maioría das dúas terceiras partes dos membros da Corporación para a adopción do acordo, así como o apartado 2 para substituír “agraciado” por “galardoado”, quedando redactados os ditos apartados:

“Artigo 7

1. A concesión dos títulos de fillo/a predilecto/a e de fillo/a adoptivo/a será acordada pola Corporación municipal, co voto favorable das dúas terceiras partes dos membros que a compoñen, a proposta do/a alcalde/sa e logo do expediente, no que deberán quedar acreditados os merecementos que xustifiquen estes honores.

2. Acordada a concesión de calquera dos dous títulos anteriores, a Corporación municipal sinalará a data en que reunirá para facer entrega ao/á galardoado/a en sesión solemne do diploma e das insignias que acrediten a distinción.

(...)”

– **Modificación do artigo 8.**

Respecto do lugar a ocupar polos galardoados nos actos a que acudan xunto coa Corporación, quedando redactado do teor literal seguinte:

“Artigo 8

As persoas a quen se concedan os títulos de fillo/a predilecto/a ou fillo/a adoptivo/a do municipio terán dereito a acompañar á Corporación municipal nos actos e solemnidades a que esta concorra, ocupando o lugar que para iso lle estea sinalado e, en todo caso, será inmediatamente despois dos membros da Corporación. Para tal efecto, o/a alcalde/sa dirixirá a todos/as os/as galardoados/as unha comunicación oficial, na que se lles comunique o lugar, data e hora da celebración do acto ou solemnidade, participándolles a invitación a asistir.”

– **Modificación do artigo 9.**

Suprímese o apartado 2, quedando redactado o artigo 9:

“Artigo 9

O nomeamento de alcalde/sa ou concelleiro/a honorario/a do Concello de Cambre poderá ser outorgado por este a personalidades españolas ou estranxeiras, xa como mostra da alta consideración que lle merecen, xa como correspondencia a distincións de que teñan sido obxecto a Corporación ou autoridades municipais. Para concedelos a personalidades estranxeiras requirirase autorización expresa do Ministerio competente en materia de Administracións Públicas, logo do informe de Asuntos Exteriores.”

– **Modificación do artigo 10.**

Modificar o apartado 1 para esixir maioría cualificada para a adopción do acordo e recóllese o carácter vitalicio do nomeamento, e modificar o apartado 2 respecto do modelo de medalla.

O artigo 10 queda redactado do teor literal seguinte:

“Artigo 10

1. A concesión destes títulos honoríficos será acordada pola Corporación municipal co voto favorable da maioría dos dous terzos dos membros que a compoñen, a proposta razoada do/a alcalde/sa, e visto o expediente correspondente. Este nomeamento ten carácter vitalicio.

2. Acordada a concesión destas distincións, procederase na forma que dispoñen os números 2 e 3 do artigo 7 para a entrega ao/á galardoado/a de diploma e insignias, que neste caso consistirán nunha medalla que se axustará ao modelo que no seu día aprobe a Corporación, na que deberá figurar, en todo caso, o escudo do municipio, así como a inscrición de alcalde/sa ou concelleiro/a honorario/a, segundo proceda.”

– **Modificación da denominación do Capítulo V e do artigo 12.**

En concordancia coa modificación do artigo 3, queda redactado:

“CAPÍTULO V.–MEDALLA DE OURO DO MUNICIPIO

Artigo 12

1.–A medalla de ouro do municipio de Cambre premiará excepcionais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios que concorran en personalidades, entidades ou institucións, tanto nacionais como estranxeiras, por ter

prestado relevantes servizos ao municipio ou dispensado honores a este, facéndose merecedores/as de modo manifesto do recoñecemento público do Concello de Cambre.

Respecto das persoas físicas, poderá ser concedida tamén a título póstumo.

2. Para a súa concesión haberán de terse en conta os méritos e servizos, a transcendencia do labor realizado en beneficio do municipio, e as particulares circunstancias da persoa, entidade ou institución proposta.»

– **Modificación do artigo 13 apartado 1.**

No relativo á cinta da que penderá a medalla, quedando redactado:

“**Artigo 13**

1. As medallas de ouro serán acuñadas no correspondente metal e penderán dunha cita coas cores da bandeira de Galicia, con pasador do mesmo metal que a medalla outorgada. Cando se trate dalgunha entidade ou Corporación, a cinta será substituída por unha gravata da mesma cor, para que poida ser enlazada na bandeira ou insignia que teña que ostentala.

(...)”.

– **Modificación do artigo 14.**

Para establecer a maioría cualificada na adopción do acordo, quedando redactado:

“**Artigo 14**

A concesión da medalla de ouro será acordada pola Corporación municipal, co voto favorable dos dous terzos dos membros que a compoñen, a proposta razoada do/a alcalde/sa.”

– **Modificación do artigo 15.**

Engádesse un parágrafo 2 do teor literal seguinte:

“O formato e deseño tanto do pergamiño como da medalla axustarase ao modelo que no seu día aprobe a Corporación, tendo en conta respecto da medalla, que deberá figurar, en todo caso, o escudo do municipio así como o nome e apelidos do/a homenaxeado/a.”

– **Modificación do artigo 16.**

En concordancia coa modificación do artigo 3, quedando redactado do teor literal seguinte:

“**Artigo 16**

1.–O Pleno da Corporación poderá recoñecer especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios a persoas ou institucións vinculadas ao municipio, ou que por outras motivacións sexan consideradas dignas diso, ou recoñecer feitos concretos singularizados, e como homenaxe poñer o seu nome a rúas, prazas, parques, paseos, instalacións municipais e demais lugares públicos, debendo ponderarse a necesaria perdurabilidade das denominacións para evitar que se perturbe o aspecto identificativo dos lugares públicos.

Igualmente poderanse colocar placas conmemorativas, monumentos e estatuas a persoas e institucións, polos motivos expostos anteriormente, co fin de que perpetúen a lembranza do/a galardoado/a.

2.–A concesión dos honores outorgados será acordada pola Corporación municipal, co voto favorable dos dous terzos dos membros que a compoñen.

3.–Para determinar o nome de vías públicas e lugares que non constitúan unha forma de homenaxe, non se require a instrución do procedemento establecido no artigo 17 e seguintes do presente regulamento, requiríndose que o acordo que se adopte o sexa por maioría simple.”»

– **Modificación do artigo 17.**

No apartado 2, suprímese a referencia de “recoñecida solvencia” da entidade ou asociación que formula a petición, e engádesse un parágrafo segundo. O apartado 2 do artigo queda redactado:

“2.–A iniciación do procedemento farase por decreto do/a alcalde/sa-presidente/a, ben por propia iniciativa ou a requirimento dunha terceira parte dos membros que integran a Corporación ou respondendo á petición razoada dun organismo oficial ou de entidade ou asociación legalmente constituída.

Tanto o requirimento como a petición irá acompañada dunha memoria xustificativa dos méritos e circunstancias que aconsellen o outorgamento da distinción.”

– **Modificación do artigo 18.**

Engádese un novo apartado:

“4. O expediente tramitarse de forma reservada, e non se dará información nin se expedirán certificacións ata que se teña adoptado acordo en sentido positivo. En caso de que non chegara a aprobarse a proposta, evitarase calquera forma de publicidade nos mesmos termos establecidos para os acordos que afecten á intimidade das persoas físicas, todo iso en concordancia, igualmente, co establecido no artigo 27 do Regulamento orgánico municipal respecto da obriga de gardar reserva en relación coas informacións ás que os membros da Corporación teñen acceso.”»

– **Modificación do artigo 19.**

No apartado 2 substituír o termo “favorecidos” por “galardoados”, quedando redactado:

“**Artigo 19** (...)”

2. En cada unha das seccións anteriores inscribíranse, por orde cronolóxico de concesión, os nomes e circunstancias persoais de cada un/ha dos/as galardoados/as, a relación de méritos que motivaron a concesión, a data desta e, no seu caso, a do seu falecemento.”

– **Modificación do artigo 22.**

Queda redactado:

“**Artigo 22**

Os honores que a corporación poida outorgar ao/á xefe/a do Estado non requirirán outro procedemento que o establecido na lexislación vixente.”

– **Inclusión dun novo capítulo VIII, cun único artigo 23.**

“**CAPÍTULO VIII.-DISTINCIÓNS AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN**

Artigo 23

1.–O Concello de Cambre, unha vez teña tomado posesión do cargo coas formalidades legais establecidas, entregará ao/á alcalde/sa-presidente/a da Corporación unha medalla acreditativa da súa condición.

Igualmente, o Concello de Cambre entregará a cada concelleiro/a, unha vez haxa adquirido tal condición coas formalidades legais establecidas, unha medalla acreditativa do seu cargo.

2.–As medallas axustaranse ao modelo que no seu día aprobe a Corporación, no que deberá figurar, en todo caso, no anverso, o escudo do municipio e o cargo de alcalde/sa ou concelleiro/a, no seu caso, e no reverso, os anos de lexislatura que correspondan.”

– **Inclusión dun novo Capítulo IX, cun único artigo 24.**

“**CAPÍTULO IX.-DA DECLARACIÓN DE LOITO OFICIAL**

Artigo 24

1.–O Pleno da Corporación poderá decretar loito oficial do municipio durante os días que estime oportuno, nos supostos de falecemento de persoas relevantes ou de sinistros dos que se deriven consecuencias graves para o municipio.

2.–Nos casos de urxencia, a declaración de loito oficial poderá efectuarse por Resolución da Alcaldía, da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que este celebre.

3.–A declaración de loito oficial comportará que as bandeiras ondeen a media hasta nos edificios municipais de Cambre.”

Cambre, 5 de xuño de 2018.

O alcalde

Óscar A. García Patiño